

Con barqueira e remador

XIV Obradoiro Internacional de Tradución Poética



Do 29 de setembro ao 4 de outubro de 2025

Illa de San Simón - Redondela





Presentación

O arquipélago de San Simón, illa de memoria e encontro, convértese un ano máis en porto seguro para poetas de horizontes afastados que arriban á lingua galega (e a outras), para que esta os acolla e se recoñeza neles e nelas coma nun acuático espello. Sen que importe a dimensión das súas frotas.

Nesta XIV edición, as ondas traen connosco a voz fonda do irlandés de Louis de Paor, o latexo resistente do ucráino de Halyna Kruk, a musicalidade do canarés de Reshma Ramesh, a claridade lírica do esloveno de Veronika Dintinjana, a pioneira presenza do aragonés da man de Antonio Andreu Sanz e a raíz firme do galego que encarna Oriana Méndez. A esta travesía colectiva o irlandés e o aragonés achéganse por vez primeira, ampliando a cartografía afectiva que cada ano trazamos.

As voces xúntanse e tradúcense unhas ás outras, non só con palabras, senón co ritmo, co son e coa experiencia compartida. A illa convértese en laboratorio poético onde os idiomas dialogan, se interrogan e se recoñecen, facendo da diversidade un tecido común. Mais tamén aportando en Pontevedra e Vigo coa súa pesca frutífera.

Coordinado por Yolanda Castaño, apoiándose no inglés e organizado pola Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral do Libro, do Cómic e da Lectura do Ministerio de Cultura xunto a outras entidades, este proxecto internacional continúa ofrecendo unha carta de navegación onde a única brúxula é a poesía.



Programa de actos

recitais poéticos multilingües

19.30 h ●

Mércores 1 de outubro

Librería Metáfora. Travesía Chariño, 9. Pontevedra

En colaboración co Concello de Pontevedra.

Recital en linguas orixinais, seguido das versións en galego realizadas para a ocasión.

19.30 h ●

Xoves 2 de outubro

Local da Asociación Évame Oroza. Subida á Costa, 5. Praza do Abanico. Vigo

Unha nova lectura, mostra das poéticas de cada autor/a tanto como do labor de tradución desenvolvido na illa.

12.00 h ●

Venres 3 de outubro

Teatro Principal. Rúa de Paio Gómez Chariño, 6. Pontevedra

En colaboración co Concello de Pontevedra.

Especialmente dirixido a clubs de lectura dos IES do municipio, pero igualmente aberto ao resto de cidadanía.





Participantes



Oriana Méndez

A escritora, profesora de secundaria e tradutora literaria **Oriana Méndez** (Vigo, 1984) colabora asiduamente en publicacións culturais e encontros poéticos. Publicou os libros de poesía *Derradeiras conversas co capitán Kraft* (2007), *Cero* (2011), *O que precede a caída é branco* (Premio de Poesía do Concello de Carral, 2015), *O corazón pronúnciase extenso* (Premio de Poesía Rosalía de Castro, 2019), *Interna* (Premio de Poesía Afundación, 2020) e *chairas sucesións* (2023). Outrosí, os seus textos recóllense en antoloxías e revistas literarias en inglés, castelán, francés, portugués ou finlandés, coma POETS.org (Academy of American Poets), Pamenar Press, Annulet Poetics Journal, Nayagua. Revista de poesía, Aullido. Revista de literatura ou Eurolitkrant.

Desde o francés, en tanto que tradutora, trouxo ao galego *O Amante*, de Marguerite Duras, e *Fragments dun diario no inferno*, de Antonin Artaud. Da man de Tamara Andrés, traduciu *As iluminacións*, de Arthur Rimbaud, que lles valeu a ambas as dúas o Premio Plácido Castro de Tradución, en 2024. Andrés e Méndez asinan, ademais, a versión ao castelán da mesma obra que, xunto con *Una temporada en el infierno*, editou Cuatro Lunas.



Nado en Cork en 1961, **Louis de Paor** é un dos poetas máis recoñecidos da lingua irlandesa. Participou do renacemento contemporáneo da poesía en irlandés desde 1980, ano en que debutou como poeta na histórica revista *Innti* (fundada en 1970), que el mesmo acabaría tamén dirixindo por un tempo.

En 1986 doutorouse en Irlandés Moderno pola Universidade Nacional de Irlanda, para logo trasladarse a Australia durante dez anos. Desde Melbourne continuou escribindo, ofrecendo recitais e emisións radiofónicas en irlandés, ademais de obter bolsas do Consello de Australia nos anos 1990, 1991 e 1995. De volta en Irlanda, foi nomeado en 2000 director do Centro de Estudos Irlandeses da Universidade de Galway.

As edicións bilingües máis recentes da súa obra poética son: *Ag greadadh bas sa reilig / Clapping in the Cemetery* (2005), *agus rud eile de / and another thing* (2010), *The Brindled Cat and the Nightingale's Tongue* (2014), *Cé a Mharaigh Emma Mhíc Mhathúna* (2024) e *Grá fiar / Crooked Love* (2022), que inclúe unha gravación da súa interpretación bilingüe en colaboración coa compositora Dana Lyn, *One Day / Lá dá raibh*, distinguida coa Medalla de Ouro nos New York Festivals Radio Awards en 2022.



Antonio Andreu Sanz (1953,

Huesca) é titulado en Maxisterio, licenciado en Xeografía e Historia, igualmente licenciado en Filosofía e cun Diploma de Estudos Avanzados en Filosofía.

Traballou en practicamente todos os niveis do ensino: da escola unitaria a un curso na universidade pasando por un centro de profesores. Máis en concreto, botou os últimos vinte anos desempeñándose como profesor de filosofía no ensino secundario.

A súa paixón polos idiomas levouno a manexar unha decena deles, conseguindo titulacións en varios. Hoxe xubilado e aínda que sempre traballou no campo, actualmente coida de xardín, horto e ovellas a intres, ademais dunha familia que inclúe pais case centenarios.

Pero filosofía e poesía son as súas dúas paixóns intelectuais.

Publicou o poemario en aragonés *Espiello de zertezas* en 2023, e este outono verá a luz *No se trescruza pas l'orizón*, que mereceu o premio Ana Abarca de Bolea. Ademais, gañou o premio Pedro Lafuente do concello oscense co poemario *En Plana Uesca tamién yo*.

A doutora **Reshma Ramesh**, graduada en Odontoloxía pola Universidade de Bangalore, é unha premiada poeta bilingüe en canarés e inglés. Exerce tamén como odontóloga en Bengaluru (India), ademais de ser tradutora, activista e unha fotógrafa licenciada en Belas Artes con exposicións individuais en diversos países.

Os seus poemas foron traducidos e publicados en máis de vinte linguas, e ten recibido premios en Turquía, Serbia e China. Na India foi galardoada co Karnataka Women Achiever's Award e o Savitribai Phule National Women Achiever Award, entre outros. Ten representado a India en numerosos festivais poéticos do mundo, entre eles o de Medellín.

En Turquía, a súa obra está exposta no Museo de Bozcaada e, de maneira permanente, nas ruínas da antiga cidade de Olympos. É poeta residente en Kaavya Sanje, onde desempeña un papel clave ao levar a poesía ao espazo público mediante recitais, instalacións e obradoiros en parques, escolas ou mercados. A súa proxección sociocultural adoita involucrar comunidades diversas (persoas con diversidade funcional, colectivos LGBTQ, de contornos rurais...), sempre en solidariedade coas voces oprimidas e marxinas.





Veronika Dintinjana

Veronika Dintinjana (1977) é unha poeta, tradutora e dinamizadora cultural eslovena, vocacións que compaxina traballando, ademais, como cirurxiá. Debutou como poeta en 2002, cando foi recoñecida como Mellor Autora Nova no Festival de Literatura Xuvenil Urška. A súa primeira obra, *Rumeno gori grm forzicij / O arbusto de forxia arde amarelo* (2008), recibiu tamén o premio á Mellor Primeira Obra na 24ª Feira do Libro de Eslovenia. A segunda, *V suhem doku / No dique seco* (2016), foi finalista dos premios Veronika e Kritiško sito, e mereceu o prestixioso Premio Jenko —da Asociación de Escritoras/es de Eslovenia— ao mellor poemario.

Participou en numerosos festivais internacionais de poesía tanto en Europa como en Asia, e os seus textos foron incluídos en antoloxías destacadas como *Europe in Poems - the Versopolis anthology and Grand Tour - an anthology of European verse* entre outras.

Como tradutora, publicou volumes poéticos e ensaísticos de Louise Glück, Muriel Rukeyser, Denise Levertov, Ursula K. Le Guin, Stanley Kunitz e Ciaran O'Driscoll. E no ano 2024 coordinou e traduciu unha antoloxía dixital de poesía estadounidense contemporánea.



Halyna Kruk

Halyna Kruk (Lviv, 1974) é unha premiada poeta, narradora, tradutora e investigadora ucráína que, desde o seu debut en 1997, publicou sete libros de poesía, un volume de relatos e catro libros para público infantil. Foi recoñecida con numerosos galardóns dentro e fóra da Ucraína, entre eles a nominación como finalista do Premio de Poesía Griffin 2024 e do PEN America 2025, así como o Premio Sundara Ramaswamy, o Women in Art Prize 2023, o premio da Fundación Kovaliv 2022 e o premio ao mellor libro do BookForum 2021, entre outros.

A súa obra foi traducida a máis de 30 idiomas e publicada en antoloxías, coleccións e revistas literarias de países como os Estados Unidos, Polonia, Lituania, Alemaña, Suecia, Dinamarca, República Checa, Italia, Estonia, Noruega, Colombia e China. Os seus títulos máis recentes son *Curso acelerado de cócteles Molotov* (2023) e *Lost in Living* (2024), que acadaron edicións bilingües nos Estados Unidos. Membro de PEN Ucraína, é tamén co-creadora de proxectos multimedia que combinan música e recital poético. Doutora en literatura barroca ucráína (2001), vive en Lviv, onde imparte literatura barroca europea e ucráína na Universidade Nacional Ivan Franko.







XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

DIRECCIÓN GENERAL DEL IBERO-
AMERICANO Y DE LAS LINGÜAS



Concello
de Pontevedra

